

YANELIS

Que atmosfera fermosa coa nosa Lingua pode aínda resistir en Cuba para que unha mociña de Matanzas, profesora de Crítica Literaria na Universidade d'A Habana, queira tanto saber e potenciar a Literatura de Galicia?

Non é un milagre. É o pouso do amor, do orgullo que se leva dentro e vai contigo en todas as veces da vida pública e privada. Citar aquí os nomes ilustres da nosa Cultura e Pensamento, os que labraban nas distancias da emigración o legado que eles recibiran e profesaban sería inxusto: sempre ficaría alguén; e ficarán no anonimato os milleiros de galegas e galegos que no seu diario de a bordo repuntaban cariño, memoria e lealdade coa Gallaecia orixinaria, a terramar do profundo, insubornábel.

Yanelis Velazco Fajardo está nestas datas de outono aquí, con nós, na grande compañía de nos ver e resistirmos fronte aos nubeiros que tentan varrer a herdanza, a mellor herdanza; os que só consentirán para o consumo costumista todas as cacharradas do instinto no ámbito máis intrascendente e pailaroco. O mundo é listo e sábeo ben. Velaí como, neste contexto de resistencia e de sabedoría aprendida, a mociña cubana de Matanzas, que non ten devanceiros galegos, decide dende a Universidade, apañar as nosas palabras, a nosa literatura, a nosa historia, o noso orgullo. Asiste na cátedra, labra e remata a carreira e trascende no seu amor lingüístico e literario máis alá da Illa caribeña: o seu labor nas revistas internacionais de crítica e pensamento; a súa conexión co mundo das mensaxes que navegan internet, a solidariedade internacional de recoñecer e respectar o galego e a súa literatura nos distintos foros de debate; a resistencia en ser ela a herdanza de seguir na fermosa convivencia con alumnos da cátedra de galego d'A Habana cando xa sen subvención da Xunta “este vaise e aquel vaise, e todos todos se van...”. Xosé Neira Vilas e máis eu, entre outras e outros, sabémolo: “a Cátedra de Galego en Cuba é das mellores do mundo”-afirma o escritor de Gres. E pronunciamos Yanelis e asistimos á esperanza de nos propagar nos espazos e no tempo, así no colectivo da lingua, da fala, da historia, do cariño. Non é pouco.

A Sociedade de Cultura Valle Inclán de Ferrol, aquela que creara no século pasado os Premios Esquíu de Poesía, que honraron 25 anos de convocatorias anuais, ata que Caixa Galicia dera en minguas e abandono, quixo para Yanelis o mellor agasallo: editar, na colección “soláster”, o seu primeiro libro de poemas na lingua de Cuba, esa cadencia onde moitos dos fonemas son de noso, nas citas, no sentimento, nas resistencias. “Islas en el tiempo” (reparen neste título, e ollen na Literatura a simboloxía útil; é por si ou por acaso Galicia a illa en terra remarcada?): “porque a veces no me despido/porque nunca me voy del todo/desde que soy parte de esa cofradía de las palabras”; ela co seu grito fronte ás adversidades, o canto da certeza que bate nun constante *sinón* contra os desencantos, sempre a prol da vida. O libro, que ten unha fermosa portada e ilustracións de Fernando Pendás, foi presentado en Ferrol (Fernando Bores), A Coruña (Xulio L. Valcárcel), Santiago (Xosé Neira Vilas); hoxe será en Pontevedra (David Otero), na galería Sargadelos, e mañá, venres, día once, o concello de Melide, onde Yanelis escribira e dera voz e (en)canto ao pregón da Feira do Libro no Camiño Xacobeo, en lingua de noso, recibirá á poeta, profesora, comentarista, xurado dos Premios da Crítica no seu país, membro da fundación Nicolás Guillén... cos brazos abertos, en pago ao recoñecemento daquela emigración orixinaria cara á Illa Benquerida. Mil primaveras.

Xosé Vázquez Pintor